



“Amar continúa a ser un acto moitas veces violento, cheo de restricións e de límites”

[Montse Dopico](#) 31 de xaneiro de 2020

<https://praza.gal/cultura/amar-continua-a-ser-un-acto-moitas-veces-violento-cheo-de-restricions-e-de-limites>

“Amante”, na súa etimoloxía, non é máis ca alguén que ama. En que momento convertemos algo tan fermoso nun concepto tan terrible?”. Esta é unha das reflexións sobre as que se Tamara Andrés teceu ‘Bosque vermello’ (Positivas), o seu último poemario. Que esculca na concepción hexemónica do amor na nosa sociedade e nas normas que constrinxen os distintos xeitos de amar. E de amar, aceptando e mesmo celebrando a liberdade da persoa amada que tivo que marchar –neste caso, unha irmá- vai tamén ‘Irmá paxaro’ (Cuarto de inverno), o penúltimo libro desta mesma autora. Falamos con ela destes dous poemarios, poñéndoos ademais en relación coa súa obra anterior.

Entre os primeiros versos de ‘irmá paxaro’ están: “as nenas nunca saben/ que o golpe máis duro/ é/ o tempo”. O libro está dedicado a Paula, a irmá paxaro. En que momento sentiches a necesidade de escribilo e por que?

Este libro accionouse cando a miña irmá pequena, Paula, marchou a Madrid para comezar os estudos universitarios. Foi un momento no que aprendín que a complicidade que existe nunha relación fraternal sempre se ve minguada polo tempo, que chega un punto no que as irmás pequenas queren distanciarse por completo da imaxe de referencia que foi a maior, e voar por si mesmas. É completamente lóxico, mais unha realidade que non ocupa moitas conversas.

O libro parece estar tecido polas lembranzas da infancia. E todo resulta moi recoñecible, moi vivo... Nun poemario, ademais, moi narrativo. Que papel xogan as lembranzas neste poemario e de que xeito quixeches que o lector/a se identificase con elas?

Hai lembranzas autobiográficas e outras ficcionadas, porque tamén me apetecía xogar un pouquiño, mais creo que quen lea pode deducir de todas elas unha relación vertebrada arredor da complicidade e da inocencia, e atopar algunha historia propia que se poida espellar. Tamén é doado identificarse coa idea de que o paso do tempo nos fai menos inocentes, de aí o silencio e a dor.

O libro leva ilustracións de María Montes. Non sei se traballastes xuntas dalgún xeito: en calquera caso, o libro xa levaba tempo escrito antes de publicarse. Como foi (se o houbo) o traballo con María? Que pensas ti das ilustracións?

María e mais eu non falamos ren. Coido que preferiu o silencio para que as imaxes non fosen simplemente unha ilustración da escrita, senón que ela tiña a vontade firme de crear unha narrativa propia. María é unha gran lectora e iso pode percibirse claramente no seu traballo, no tecido que une imaxe e texto.

Ademais, verteu toda a súa sensibilidade e moitas horas neste proxecto. Hai persoas que din que as imaxes son poemas en si mesmos, e así é. Tamén hai quen di que se pode considerar un libro-objeto, e sen dúbida iso é grazas a María, á súa lucidez, e ás persoas responsables da editorial, David e Andrea, que entenden a literatura como arte e como unha realidade viva que hai que coidar.

O poemario parece remitir, tamén, a unha infancia de carencia: “ausencia de pais/ roupa limpa/ cartos”, di un dos poemas. Que é carencia neste poemario? Que relevancia ten para a conexión entre as irmás?

Falamos dunhas irmás que viven no rural e que se coidan unha á outra. A carencia fai que abrolle a imaxinación, mais tamén é algo que desaparece co tempo, cando se separan, e cando desaparece tamén a fantasía.

Hai un poema no que se fala dos tíos das capitais que chegaban á aldea cada verán, do grandes que entraban pola porta e do pequeniñas que eramos nós, ou máis ben do pequeniñas que criamos ser, porque todo ao noso redor nos sinalaba que nuns espazos hai defectos e noutros non, que nuns espazos hai progreso e noutros non, que nuns espazos hai carencias e noutros non. A carencia é unha construción política moi violenta.

Podería parecer un libro nostálxico da infancia (e, en concreto, a infancia do rural). Mais se cadra vai alén diso. Hai, nese sentido, como unha aceptación do paso do tempo, xunta cunha celebración, ou polo menos respecto, á liberdade da irmá que desprega as ás, aínda que xa non sexa todo igual. Ata que punto é nostalgia, ou vai máis alá?

Coa escrita deste libro eu quería comprender e celebrar. Por iso, malia todo, tamén hai algo de luz. Penso que é un canto ao que foi, unha necesidade de comprender a fugacidade e o cambio.

‘Nenæspiraes’ tamén falaba da infancia, a partir dunha muller que se busca na nena que foi e xa non volverá ser. Aínda que é un libro moi diferente a ‘Irmá paxaro’ na forma. Cal é a diferenza entre estes dous libros en canto ao xeito no que se relaciona a voz poética co paso do tempo?

A infancia que se esvae agora é a doutra persoa, non a propia. ‘Nenæspiraes’ foi o primeiro poemario que escribín como unha totalidade e o grao de construción literaria, de traballo arredor da palabra, era moito menor. O paso do tempo é concibido agora de xeito menos nostálxico, e tamén cunha maior vontade de ficcionalización, algo ao que sen dúbida contribuíu a escrita dese primeiro libro.

Ferida, sangue, corpo, fame e memoria estaban tamén nos libros anteriores a este. Que é, en concreto, o sangue en ‘Irmá paxaro’ e de que xeito esa transformación da relación entre as irmás que describe pasa polo corpo?

Penso que quen lea identificará doadamente que o sangue no poemario é o sangue da menstruación. Un antes e un despois, sen dúbida. O momento no que comezan a pechase as portas. O momento no que se comezan a intuír os segredos.

'Irmá paxaro' é un libro sobre o amor (de dúas irmás). 'Bosque vermello', o teu último libro, tamén é un libro sobre o amor, sobre as formas en que amamos ou non amamos. Como comezou 'Bosque vermello'?

'Bosque vermello' accionouse nunha viaxe de lecer que fixen soa a Tenerife. Por unha banda, alí vin o filme *'L'Amant d'un jour'*, de Philippe Garrel, no que se fala do amor como un abrigo xigante que cómpre quitar para afrontar o frío. Por outra, moitas persoas se dirixían a min para preguntarme, con certa mágoa, por que viaxaba soa. Deducín axiña que por norma xeral só comprendemos o individuo na súa relación co outro, e tamén que os espazos en común, ao ofrecernos comodidade, nos privan de liberdade e de risco.

A partir de aí comecei a reflexionar sobre a concepción do amor na nosa sociedade e no xeito no que se concreta (ou ten que concretarse) nas nosas vidas. Amar continúa a ser un acto moitas veces violento, cheo de restricións e de límites. Teño a sensación de que existen unhas normas non escritas que aplicamos a moitos xeitos distintos de amar. E todo isto faime concluír que non é un acto completamente libre.

"Unha muller chora na cidade" e "A muller aprende a amar. Tamén aprende o bosque", son as dúas partes nas que se divide o libro. A primeira podería ser unha continuidade de 'Irmá paxaro'. A segunda é bastante diferente. Cal é para ti a conexión entre 'Irmá paxaro' e a primeira parte de 'Bosque vermello'? Se cres que a hai...

Penso que son libros bastante diferentes na súa concepción, mais se cadra na primeira parte do *'Bosque vermello'* hai un contexto máis recoñecible, unha rutina, mentres que na segunda aparece o bosque, a ausencia de lindes. A muller comeza chorando, unha acción que debe comprenderse como o impacto contra a realidade. Só ese choque pode guiala cara ao bosque, cara á aprendizaxe, cara á liberdade.

Na súa forma, 'Bosque vermello' é diferente de 'Irmá paxaro'. Non ten esa narratividade. É, nese sentido, como unha volta aos anteriores poemarios. Por algún motivo especial?

En *'irmá paxaro'* había que contar unha historia sobre dúas nenas e tiña que desembocar nun final concreto, de aí a narratividade. *'Bosque vermello'* era un lugar onde inserir certas sensacións e reflexións a través de escenas, de paisaxes, de preguntas, de anotacións. A forma de cada un dos poemarios varía porque tanto a súa concepción como a súa finalidade son ben diferentes.

Un dos temas de 'Bosque vermello' é a identidade, sobre a que se pensa en relación co outro/a, co que (quizais) non é o noso corpo. En realidade, é algo que estaba tamén nos teus anteriores poemarios. Como se relacionan corpo e identidade en 'Bosque vermello'? (Parece que a ausencia do outro/a te fai máis consciente da túa propia identidade).

Hai certos temas que non deixan de aparecer de xeito transversal en todo o que escribo. Supoño que esas son as cuestións obsesivas: o corpo, a linguaxe, a identidade, mais se cadra pensados en cada poemario desde unha nova perspectiva.

Ás veces, cando estou con alguén, dáseme por preguntarme como habita esa persoa unha realidade na que eu mesma me atopo, como dous corpos poden habitar de xeito distinto un mesmo momento, un mesmo lugar, como todo é absolutamente subxectivo e cuestionable.

Por outra banda, moito teño falado cunha amiga sobre esas persoas que coñeces en tránsitos (aeropostos, trens, viaxes breves) coas que de súpeto xorde unha complicidade inexplicable, e coas que te amosas máis libre porque estás fóra do lugar vital que che é máis común.

Daquela: a identidade compréndese en función de cada outro, de cada contexto, pero sempre en flutuación. A identidade de cada persoa vai abaneando grazas a outro, como unha danza.

”O traxecto é menos veloz có teu desexo,/ así que deixas o corpo atrás”, di un dos poemas. Nesta primeira parte o desexo está bastante presente. En que sentido? Parece que ten que ver cunha urxencia da liberación do desexo...

Ás veces tamén deixamos que o outro nos vaia borrando a nós mesmos, mingando a nosa esencia, en moitos máis sentidos dos que nos podemos figurar. Ás veces executamos certas accións porque non nos queda outra, e tapiamos os desexos que nos constitúen. O bosque é un lugar de liberdade onde todo se pode recuperar, se cadra tamén porque é un lugar de intimidade cunha mesma.

Na segunda parte un dos poemas di: “O corpo é unha mentira”. Noutro poema, fálase do corpo como a “única relixión”, despois de falar de aprender como a aceptar (e amar) a rotundidade da carne (empezando pola propia). Por que?

O corpo é unha mentira na medida en que é algo volátil, materia pasaxeira. Tamén hai certa carraxe nesta liña respecto ao discurso omnipresente do que ten que ser ou non ser un corpo (nomeadamente o feminino, por suposto), aínda fondamente instalado na sociedade e en cada unha e en cada un de nós, e causante de tanta violencia, sexa esta máis ou menos visible.

Cando chega ao bosque, o corpo é unha celebración. Hai unha muller, por exemplo, “que escorza a cadeira cara atrás. / As nádegas exhiben a carne. / A cintura quebrada exhala a propia / sedución / (...) a muller cabalo / é tan bonita / que sorrí”.

A linguaxe tamén está bastante presente neste libro. Comézase, de feito, mencionando o que non a linguaxe senón a lingua fixo coa palabra “amante”. Hai un sentido de liberar a linguaxe tamén en ‘Bosque vermello’? Por que?

Hai unha necesidade de devolverlle ás palabras o que significan por elas mesmas, e de subtraerlle a carga que lle vai insuflando cada individuo ou cada grupo social, mais isto, claro está, é unha utopía. ‘Amante’, na súa etimoloxía, non é máis ca alguén que ama. En que momento convertemos algo tan fermoso nun concepto tan terrible?

Algo máis que queiras salientar de ‘Bosque vermello’?

Agora mesmo estou a desenvolver unha acción poética arredor do libro que leva por título ‘O bosque e a danza’. Consistirá nun diálogo entre os poemas e unha peza visual na que se poderán observar árbores abaneando por mor do vento e gravacións onde distintas persoas, en individual e en colectivo, aparecen danzando, co fin de transmitir ese movemento que nos modela. A cor vermella do título do poemario aparece a través das saias tradicionais.